

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

9537 *Orde PRE/1642/2013, do 9 de setembro, pola que se modifica o anexo X do Real decreto 3454/2000, do 22 de decembro, polo que se establece e se regula o Programa integral coordinado de vixilancia e control das encefalopatías esponxiformes transmisibles dos animais.*

Mediante o Real decreto 3454/2000, do 22 de decembro, polo que se establece e se regula o Programa integral coordinado de vixilancia e control das encefalopatías esponxiformes transmisibles dos animais, estableceuse a normativa básica para a aplicación en España das actuacións que hai que levar a cabo cando se detecta un caso de encefalopatía esponxiforme transmisible nunha explotación de ovino e cabrún.

Por outro lado, o Regulamento (CE) n.º 999/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio de 2001, polo que se establecen disposicións para a prevención, o control e a erradicación de determinadas encefalopatías esponxiformes transmisibles, adoptado con posterioridade á norma española, foi modificado en diversas ocasións, o que motivou a necesidade de introducir modificacións periódicas na normativa nacional.

O 8 de marzo de 2007 a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria (EFSA) adoptou un ditame sobre certos aspectos relacionados co risco de EET en ovinos e cabrúns. No seu ditame, a EFSA considera que non hai datos probatorios dun nexo epidemiolóxico ou molecular entre a tremesía clásica ou a atípica e as EET humanas, e que o axente da EEB é o único axente de EET probadamente zoonótico. Por outra parte, a EFSA considera que as actuais probas discriminatorias, descritas na lexislación comunitaria, para distinguir entre a tremesía e a EEB, son fiables para diferenciar a EEB da tremesía clásica e da atípica.

Con base nesta opinión, a Comisión adoptou o Regulamento 727/2007 da Comisión, do 26 de xuño de 2007, polo que se modifican os anexos I, III, VII e X do Regulamento (CE) n.º 999/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio de 2001, polo que se establecen disposicións para a prevención, o control e a erradicación de determinadas encefalopatías esponxiformes transmisibles. Coa modificación do anexo VII, en que se establecen medidas de erradicación tras a confirmación dun caso de encefalopatía esponxiforme transmisible en animais bovinos, ovinos e cabrúns, permítese que os Estados membros utilicen diferentes estratexias de erradicación e que autoricen o destino para consumo humano de animais ovinos e cabrúns procedentes de explotacións positivas nunha serie de supostos.

Esta nova disposición estivo suspendida temporalmente a raíz dun recurso contra a Comisión Europea ante o Tribunal de Primeira Instancia das Comunidades Europeas presentado por Francia en 2007. En setembro de 2011, a Sala Terceira do Tribunal Xeral de Luxemburgo ditamina a total aplicación das medidas establecidas no Regulamento (CE) n.º 999/2001, puntos 2.3 b) (iii), 2.3 d) e 4 do anexo VII, ata daquela suspendidas.

Tendo en conta que non existen evidencias científicas que indiquen que a tremesía é transmisible ás persoas e ante a obriga, establecida no Regulamento (CE) n.º 999/2001, de realizar probas discriminatorias entre encefalopatía esponxiforme bovina e tremesía en todos os casos confirmados de tremesía, é posible autorizar o sacrificio para consumo humano dos animais da especie ovina e cabrúa procedentes de explotacións onde se deron casos de animais positivos a tremesía, mantendo o actual nivel de protección dos consumidores.

Con esta norma procédese a modificar as medidas de erradicación establecidas no anexo X do Real decreto 3454/2000, do 22 de decembro, co fin de actualizalas facendo uso das posibilidades establecidas na normativa europea en relación cos rabaños de ovelas e cabras en que se diagnostica un caso de encefalopatía esponxiforme.

O Real decreto 3454/2000, na súa disposición derradeira segunda, faculta os ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo para modificaren, no ámbito das súas respectivas competencias e logo de consulta coas comunidades autónomas, o contido dos anexos do citado real decreto. Ademais, a presente orde encontra o seu amparo no disposto no artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución e no establecido no artigo 40.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Na tramitación desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, así como os sectores afectados, e a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria emitiu o seu preceptivo informe.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo X do Real decreto 3454/2000, do 22 de decembro, polo que se establece e se regula o Programa integral coordinado de vixilancia e control das encefalopatías esponxiformes transmisibles dos animais.*

A letra b do primeiro parágrafo do anexo X do Real decreto 3454/2000, do 22 de decembro, polo que se establece e se regula o Programa integral coordinado de vixilancia e control das encefalopatías esponxiformes transmisibles dos animais, substitúese pola seguinte:

«b. En caso de encefalopatía esponxiforme transmisible nun animal das especies ovina e cabrúa, serán de aplicación as medidas establecidas no anexo VII do Regulamento (CE) n.º 999/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio de 2001, e ademais:

Tras a confirmación dun caso de encefalopatía esponxiforme transmisible nunha explotación e tras descartar que se trate de EEB, poderán destinarse a sacrificio para consumo humano os animais de calquera idade sempre e cando se cumpran os seguintes requisitos:

1. Que se autorice a saída da explotación pola autoridade competente e na guía de traslado dos animais se indique que proceden dunha explotación en que se diagnosticou algún caso de tremesía.
2. Que se sacrifiquen nun matadoiro localizado no territorio español.
3. Que se sometan a análise para detectar a presenza de EET todos os animais de máis de 18 meses de idade ou coa dentición de máis de dous incisivos definitivos.

Sen prexuízo do anterior, os cordeiros e cabritos poderán enviarse a outra explotación, que só conteña ovinos ou cabrúns que se estean cebando, unicamente para a súa engorda previa ao sacrificio, respectando os termos e condicións previstos no anexo VII do Regulamento (CE) n.º 999/2001.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 9 de setembro de 2013.—A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia, Soraya Sáenz de Santamaría Antón.